

Unidade didáctica de primaria

manuel
maría


ferrados
de corazón,
fanegas
de alma



Unidade 1	3
Unidade 2	5
Unidade 3	7
Unidade 4	9
Unidade 5	11
Unidade 6	13
Unidade 7	15
Unidade 8	17
Unidade 9	19
Unidade 10	21
Unidade 11	23
Unidade 12	25

Mira como se presenta Manuel María

Ola rapazas e rapaces! Este caderno que estades a ler servirá para recoñecerdes unha persoa moi especial: MANUEL MARÍA, un grandísimo poeta galego contemporáneo. A que vos soa de algo? Que é o primeiro que fai alguén que quere que o coñezamos? Iso é, presentarse. El váisevos presentar mediante un poema seu:



*Eu son Manuel María.
Nacín no 29, o 6 de Outono,
en Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha caste rexa de labregos
fieles á súa terra e ao seu Deus.*

Agora son un namorado.

*Eu son Manuel María,
cantor da Terra Chá que algunchos din.
Cantor da Terra Chá que leva un
clavada nas entrañas, penso eu.*

Tamén no seu libro Os soños na gaiola comeza cunha carta aos nenos e nenas que fala de si:

*Un servidor, que xa ten canas e
un gran bigote (agora non levo
bigote somentes.
Levo bigote e barba
entrecana) que lle comeza
a pesar, vai pra vello*

1 Cos datos que agora tes, es quen de completar este Documento Nacional de Identidade?



É unha boa forma a de presentarse en verso. Mira de facer unha presentación túa, seguindo o exemplo de M. María.

Unidade 1

2 Manuel María foi un grande escritor galego do século XX. Tanto escribía contos como teatro ou artigos de xornal; pero o que máis lle gustaba era escribir poemas. Escribiu máis de 40 libros de poesía! Antes de saber que era para el un poema, serías quen de definir ti que é un poema?

Agora podes ler o que pensaba Manuel María que era un poema:

*Un poema é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila e escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e tenrura, desángrase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxire
mundos posíbeis e imposíbeis,
súa, cansa, sofre sede e fame,
adoece, agoniza.
E nunca morre.*

3 Escribide 10 definicións vosas da palabra "poema" no encerrado. Existe algunha coincidencia entre as vosas definicións e o que opina Manuel María sobre os poemas?

4



4 MANUEL MARÍA dicía: A poesía é un pan/ pro ser humán. A ti paréceche que a poesía é unha necesidade?

Completa ti:

Gostamos da lúa, dos soños e dos paxaros porque necesitamos da poesía.

_____ porque
necesitamos da poesía.

Rimos cos contos, coas historias e cos trabalinguas porque necesitamos da poesía.

_____ porque
necesitamos da poesía.

_____ porque
necesitamos da poesía.

A poesía é algo moi importante pero Manuel María no seu libro Remol dicía:

*Sei que todos os versos do mundo
non valen o que vale un home.*

5 Como agora xa sabedes algunhas cousas de MANUEL MARÍA, imos comezar entre toda a clase a facer un mural que iremos completando ao longo da Unidade Didáctica con versos, imaxes, ... segundo vaíamos aprendendo máis cousas.